

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA (INEGA), O INSTITUTO GALEGO DE CONSUMO (IGC) E A FUNDACIÓN SOTAVENTO GALICIA PARA A REALIZACIÓN EN CONCELLOS GALEGOS E MEDIANTE REDES SOCIAIS DUNHA ACTIVIDADE FORMATIVA PRÁCTICA CENTRADA NO AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA NO FOGAR, CON ESENCIAL INCIDENCIA EN CONSEGUIR O MAIOR AFORRO POSIBLE NA FACTURA ELÉCTRICA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Director do Instituto Enerxético de Galicia (Inega)

DECLARA:

Que esta entidade de dereito público ten previsto formalizar co Instituto Galego de Consumo e a Fundación Sotavento Galicia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o o día da sinatura ata o 31 de decembro de 2016.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as bases da colaboración entre o Inega, o IGC e a Fundación Sotavento Galicia para a continuación da campaña Dalle luz á túa factura, que se iniciou nos anos 2014 e 2015 co a finalidade de información sobre a facturación de enerxía eléctrica e asesorar aos consumidores sobre medidas de aforro de eficiencia enerxética mediante a realización de dous tipos de actuacións no exercicio 2016:

1ª.- Específica: Mediante un percorrido polos concellos galegos, principalmente de carácter rural desenvolvendo accións encamiñadas a sensibilizar á cidadanía no ámbito da facturación de enerxía eléctrica e do aforro e eficiencia enerxética e a realización dunhas actividades formativas de carácter esencialmente prácticas, con especial incidencia en conseguir o maior aforro posible na factura eléctrica.



2ª.- Xeral: Mediante a creación dunha web pública na que se incluírán:

- Aplicacións que faciliten a comprensión da factura da luz así como ferramentas sinxelas de cálculo que facilitarán ao usuario a toma decisións para poder aforrar na súa factura.
- Porase a disposición da cidadanía un teléfono 900 gratuíto as 24 horas do día para resolver dunha maneira personalizada as problemáticas particulares.
- A través das redes sociais como facebook e Twiter propiciaránse foros con actualización diaria sobre estes temas.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Que concorren na sinatura deste convenio razóns de interese público xa que a CEI, a través do Inega e do IGC, considera necesario impulsar a realización de actividades de interese xeral en materia de enerxía e consumo, como son a posta en marcha de actuacións de aforro enerxético, o asesoramento aos concellos de Galicia para a aplicación da tarifa eléctrica máis beneficiosa en función das súas características de potencia e consumo e a protección dos intereses económicos dos concellos galegos, tendo en conta ademais que, na conxuntura actual, ponse de manifesto certa problemática en materia de subministración eléctrica e aforro enerxético formulada pola meirande parte dos concellos.

Que na actualidade o número de reclamacións e consultas dos consumidores, entre os que se atopan os propios concellos, en referencia ao problema da tarificación eléctrica veuse incrementado de forma notoria, tanto a nivel nacional como a nivel da nosa Comunidade Autónoma como consecuencia de continuos cambios normativos e cambios na maneira na que se configuran os prezos. Isto xenera confusión e opacidade o que pode ir en contra dos intereses económicos dos concellos e polo tanto dos propios veciños.



Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 20 de agosto de 2016

